

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 17 DE XULLO DE 2013**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezasete de xullo deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concellera-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Técnica de Administración Xeral adscrita ao Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, dona Ana Tabarés Martínez, en substitución do Secretario Xeral do Pleno, e a Interventora Xeral Municipal en funcións, dona Elva Anido Anido, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbanse as actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, correspondentes aos días 26 de xuño e 3 de xullo de 2013, e da sesión extraordinaria e urgente correspondente ao día 3 de xullo de 2013.

### **ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.-** Acórdase conceder a licenza municipal de instalación e apertura dun taller de reparación de maquinaria agrícola, rama mecánica, e fabricación de remolques na rúa Xenebro, número 35 baixo.

**2. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase conceder as seguintes licenzas: para parcelamento da parcela matriz sita na rúa Tres Mariás, números 40 e 42; para a construcción de edificio no parque empresarial As Gándaras, rúa A, parcela U.2.; para modificacíons en portal e acceso ó edificio con colocación dunha plataforma salvaescaleras, no edificio sito na rúa das Nórias, número 17; para a modificación do soto na nave 1 con licenza número 343/2013 A.E., consistente no cambio da profundidade do soto, executándose a dúas cotas diferentes, sito en solo urbano na avda. Benigno Rivera esquina avda. Infanta Elena; para a reforma interior da vivenda piso 1º, do edificio con licenza número 334/11, sito na rúa San Marcos número 21; e para a instalación de ascensor no edificio con licenza número 828/82, sito en solo urbano, na rúa Aviación Española, número 2.

Acórdase desestimar o recurso potestativo de reposición interposto contra o acordo 14/67 da Xunta de Goberno Local do 6 de febreiro de 2013 de denegación de licenza para estación base de telefonía móvil na rúa Cornubia, número 5.



1

Código Seguro de verificación:cw0aaYbmcfQw01KUWI7ikg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	19/07/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	cw0aaYbmcfQw01KUWI7ikg==	PÁGINA



cw0aaYbmcfQw01KUWI7ikg==

## ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

**3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.**- Acórdase aprobar a revisión de prezos, para o período que vai dende o 1 de maio de 2013 ata o 31 de decembro de 2013, do contrato administrativo correspondente á prestación de actividades de ensinanza deportiva e servizos complementarios nas instalacións deportivas de "As Pedreiras" e outras instalacións deportivas municipais.

Tamén se acorda aprobar a revisión de prezos do contrato administrativo asinado coa entidade adxudicataria da prestación do servizo de prevención alleo nas especialidades técnicas (seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicosocioloxía aplicada), así como da vixilancia da saúde para o período que vai do 24 de maio de 2013 ata o 23 de maio de 2014.

Acórdase rectificar o erro cometido no acordo 10/140 da Xunta de Goberno Local ordinaria do 6 de marzo de 2013, polo que se aprobaron as revisións de prezos correspondentes á autorización do aproveitamento especial de varios espazos de dominio público municipal na rúa San Marcos do Concello de Lugo, mediante a instalación de terrazas e cadeiras (terrazas nº 1 e 3) para o período que vai dende o 6 de marzo de 2013 e o 5 de marzo de 2014, por mor da base do cálculo do IPC.

Así mesmo, acórdase a rectificación do erro cometido no acordo 21/74 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria do 6 de febreiro de 2013 polo que se aprobou a revisión de prezos para o período comprendido entre o 17 de decembro de 2012 e o 16 de decembro de 2013 para a actualización do contrato asinado coa empresa encargada da prestación do servizo de control de estorniños na cidade de Lugo mediante a elaboración dun plan integral por mor do tipo impositivo do ive.

Acórdase executar a opción de compra do sistema ininterrompido para CPD.

Acórdase aprobar a execución do proxecto subvencionado polo programa de mobilidade Leonardo da Vinci a través do Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos "Formación europea para a cualificación da mocidade lucense. LUGOQUÁLITAS 3", a aceptación da subvención outorgada, a aprobación do compromiso do cofinanciamento municipal para o exercicio 2014 e a sinatura do contrato entre o Concello de Lugo e o Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos (OAPEE), xunto cos anexos correspondentes.

**4. FACENDA LOCAL.**- Acórdase estimar en parte o recurso de reposición interposto contra o acordo de desestimación do escrito no que se interesaba a revisión da liquidación xirada en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, por diminución do

Código Seguro de verificación:cw0aaYbmcfQw01KUWI7ikg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	19/07/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	cw0aaYbmcfQw01KUWI7ikg==	PÁGINA 2/3



cw0aaYbmcfQw01KUWI7ikg==

presuposto en relación coa licenza de obras inicial (núm. 1075/2005) para construír un edificio sen uso definido na avda. benigno rivera.

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, acórdase**  
ratificar o Decreto número 13007096 do Libro Único de Resolucións, do 15 de xullo de 2013, relativo á suplencia do Secretario Xeral do Pleno no período de vacacións do ano 2013

**Asinado pola Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.**

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		FECHA	19/07/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	<code>cw0aaYbmcfQwO1KUWI7ikg==</code>	PÁGINA	3/3
 <code>cw0aaYbmcfQwO1KUWI7ikg==</code>				